

Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 * 2025

Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

NOVAS / INICIATIVAS

Polafía en Friol

MUSEO ETNOGRÁFICO DE SAN PAIO DE NARLA

Sábado, 22 de novembro de 2008, ás 6 da tarde. Entrada libre

Coa intervención do músico ANTÓN CASTRO, Álvaro do Sixto, □O novo Laxe□ e de VECIÑAS e VECIÑOS do concello de Friol.

Colaboran : Asociación de Mulleres Rurais "Fonte da Xonza" / Asociación Cultural "Cova da Serpe" / Rede Museística da Deputación de Lugo.

Divulgador: Antonio Reigosa

Recitador: Isidro Novo

Organiza. AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega)

Patrocina: Vicepresidencia Primeira, Área de Cultura da Deputación de Lugo.

POLAFÍA

As polafías son unha proxecto da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), coordinado polo Vogal de Literatura de Tradición Oral, Antonio Reigosa, que conta coa colaboración de diversas asociacións e institucións.

A palabra polafía é un neoloxismo referido ás reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais, e ten como obxectivo primordial o de poñer en valor e rescatar do esquecemento o valioso patrimonio oral, literario e musical, galego. O termo polafía quere reunir no seu significado o mellor dos diferentes matices e acepcións de vellas palabras (polavilas, fias, fiadas, fiandóns, seráns,...) con semellantes contidos. A principal diferenza, en canto ao desenvolvemento, daquelas xuntanzas de antigo co desta nova proposta é que agora podemos, e debemos, axudarnos das novas tecnoloxías, desde os aparellos de gravación, que favorecen o arquivo e estudo do recompilado, ata o uso de novas tecnoloxías, caso de internet, que poden contribuír a unha ampla difusión deste patrimonio.

O formato das polafías require a presenza dun mantedor, divulgador ou especialista que introducirá e comentará as principais características das pezas e xéneros literarios amosados, dun recitador de poesía anónima ou de autor de feitío popular; dun músico, que interpretará romances, coplas ou cantares de raiceiras tradicionais. Sen embargo, o elemento humano transcendental e imprescindible no desenvolvemento de cada polafía constituíranos os homes e mulleres, narradores, cantadores, romanceadores...etc, veciñas e veciños de cada lugar onde se desenvolva a polafía, pois eles son os auténticos protagonistas, os que xenerosamente transmiten o seu saber.

O que suceda nas polafías será gravado e logo difundido a través da web da AELG. As polafías terán unha duración aproximada de arredor de 90 minutos.

PRÓXIMAS POLAFÍAS

-Sábado, 6 de decembro, ás 6 da tarde, en Riotorto (Lugo).

